

RESOLUCIÓN REITORAL DE 15 DE MAIO DE 2023 MEDIANTE A QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN REITORAL DE 17 DE FEBREIRO DE 2023, SOBRE A “MODIFICACIÓN DAS DATAS DE AVALIACIÓN NOS CENTROS AFECTADOS POLA CELEBRACIÓN DAS PROBAS DA ABAU”.

Mediante a resolución reitoral de 15/05/2023 modifícanse as datas do calendario académico do curso 2022/2023 por mor da celebración das probas das ABAU para os centros afectados pola celebración destas nos seus edificios.

Por causa da programación de implantación da aplicación informática SIGMA, resulta necesario modificar en parte a precitada resolución reitoral só no tocante ás datas de celebración de probas de segunda oportunidade, e peche das súas actas, para as titulacións de Máster Universitario.

De acordo co exposto, RESOLVO:

Primeiro.- Modificar as seguintes datas que constan na resolución reitoral de 17/02/2023 e no seu anexo, e só para as titulacións de Máster Universitario, que quedan como segue:

Datas de avaliación da 2ª oportunidade: do 21 de xuño ao 14 de xullo de 2023 (antes do 21 de xuño ao 19 de xullo).

Datas límite de sinatura e entrega de actas: 21 de xullo de 2023 (antes 27 de xullo).

Segundo.- Autorizar aos centros afectados pola celebración da convocatoria ordinaria e extraordinaria das ABAU a que modifiquen as datas de realización dos exames de segunda oportunidade de materias de segundo cuatrimestre e anuais, de Máster Universitario, programados para os días 11, 12 e 13 de xullo, podendo utilizar para elo calquera data comprendida entre o 21 de xuño e o 10 de xullo, así como os días 13 de xullo pola tarde e o 14 de xullo.

O reitor

PD. (RR. 14-01-2020)

Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

Sr./a Decano/a ou Director/a de:

- Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Facultade de Informática
- Facultade de Dereito
- Facultade de Economía e Empresa
- Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Facultade de Filoloxía
- Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol
- Escola Universitaria de Deseño Industrial
- Facultade de Humanidades e Documentación
- Facultade de Enfermaría e Podoloxía
- Facultade de Ciencias do Traballo

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
Utb2BCKkivo3ji7XHpw6/w==	Asinado	16/05/2023 12:39:34
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	
Observacións	Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Utb2BCKkivo3ji7XHpw6/w==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

